REUNIÓN DA COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 29.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 29 de marzo de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

1.1 6735 (10/CPC-000006)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da secretaria xeral da Igualdade, por petición propia, para dar conta do Informe anual 2016 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

Punto 2. Preguntas

2.1 5697 (10/POC-000990)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da achega dalgunha solución ou colaboración para o arranxo das dificultades financeiras, así como a ampliación das instalación, da minirresidencia de persoas maiores e centro de día do concello de Boimorto, de titularidade e xestión municipal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

2.2 5979 (10/POC-001041)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula
Sobre o prazo previsto para a aplicación da suba anunciada na contía concedida para os acollementos de menores en familia extensa, as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para suspender o seu desconto das pensións non contributivas e as previsións da Xunta de Galicia respecto do cambio do actual modelo de xestión dese tipo de acollementos, así como a súa información e valoración en relación coas dificultades económicas que están a padecer esas familias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

2.3 6133 (10/POC-001070)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o mantemento dalgún contacto do Goberno galego co Goberno

central para intentar desbloquear a paralización dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía tras o peche da entidade que os viña tramitando, se é o caso, o tipo de colaboración que van establecer para ese fin e a valoración da posibilidade de realizar os últimos trámites pola vía diplomática, así como a asunción pola Xunta de Galicia da xestión deses expedientes e das devolucións dos importes aboados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

2.4 6718 (10/POC-001168)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis
Sobre as previsións da Consellería de Sanidade e do Sergas respecto da introdución, na Plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios E-Saúde, dunha nova funcionalidade que lles permita ás persoas usuarias o acceso á información dos seus fillos e persoas ao seu cargo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5.ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 29.03.2017 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 6735(10/CPC-000006)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da secretaria xeral da Igualdade, por petición propia, para dar conta do Informe anual 2016 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
16 MAR. 2017
Núm. 6735

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
16 MAR. 2017
SAÍDA
Num. 397

Solicítolle, consonte ao disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da secretaria xeral da Igualdade para dar conta **"do Informe anual 2016 sobre a situación da violencia de xénero en Galicia"**, coa finalidade de dar cumprimento ao sinalado na disposición adicional cuarta da *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.*

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA · VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA · DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 29.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 29.03.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.1 5697(10/POC-000990)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as previsións da Consellería de Política Social respecto da achega dalgunha solución ou colaboración para o arranxo das dificultades financeiras, así como a ampliación das instalación, da minirresidencia de persoas maiores e centro de día do concello de Boimorto, de titularidade e xestión municipal

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 5697
Data envio: 27/02/2017 11:12:46.121

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, **Noa Presas Bergantiños**, **Ana Belén Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores** e **Luis Bará Torres**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O concello de Boimorto conta actualmente cunha poboación de 2.071 habitantes segundo o padrón municipal a 31/12/2016. Deles 912 son maiores de 60 anos.

Por xénero o desglose sería así: 1.056 varóns e 1.015 mulleres.

A pensión normal entre as mulleres é a non contributiva de 367,90 €.

A dos homes é a da Seguridade Social da Agraria de 603,90 €.

Se xuntamos pensión de viudedade e xubilación son aproximadamente 631,00 €.

Desde abril do 2012 o concello dispón dunha miniresidencia de **titularidade e xestión municipal** con 29 prazas a tempo completo (ocupación do 100% dende a súa apertura e desde hai xa tempo con lista de espera), e con 15 de centro de día.

A apertura da residencia supuxo un posto de traballo estable para 20 persoas entre auxiliares de xeriatría, fisioterapeuta, ATS, ... nunha das zonas máis deprimidas do interior da provincia da Coruña. Supón, polo tanto, unha aposta clara a prol do mantemento do emprego público e unha forma de atención ós nosos maiores sen rachar co medio no que sempre viviron e sen ánimo de lucro.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 5697
Data envio: 27/02/2017 11:12:46.121

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os prezos das prazas que se ofertan son inferiores á da maioría das residencias privadas pero inalcanzable para a inmensa maioría das persoas que residen no rural e que perciben unhas pensións mínimas.

É salientable como as residencias privadas teñen copado a inmensa maioría das prazas concertadas que existen en Galicia, exceptuando evidentemente as residencias públicas de titularidade da Xunta de Galicia.

No caso da Residencia e Centro de Dia de Boimorto que xurde como unha iniciativa pública co obxectivo de atender as necesidades dos maiores do rural **nunca percibiu axuda algunha**, a pesar de ser numerosas as veces que se acudiu á Xunta para demandar ou denunciar persoalmente a situación na que se atopaba e atopa na actualidade, sen ningún tipo de axuda económica que poida aliviar os custes económicos que supón un equipamento deste tipo.

Na actualidade o concello aborda unha ampliación que vai ser claramente insuficiente para conseguir a autofinanciación desexada e deixar de ser unha carga para as súas arcas.

Hai que resaltar que o servizo de atención social proporcionado á poboación dende a súa apertura é moi importante:

- Ó centro de día non só acoden persoas do Concello de Boimorto senón que contamos con usuarios/as do servizo que pertencen ós concellos limítrofes de Arzúa, Frades ou Vilasantar.

- En canto ós servizos que se ofertan dende a residencia como son o de fisioterapia e podoloxía así como o de comedor están abertos a calquera persoa maior do concello que precise destas atencións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 5697
Data envio: 27/02/2017 11:12:46.121

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Polo tanto, é un punto de referencia social non só no que se refire á atención residencial senón á atención e mellora da calidade de vida das persoas maiores que viven no rural e que non precisan de ingreso en residencia. Damos a oportunidade de acceder ós servizos que oferta a residencia (fisioterapia, podoloxía , xantar na residencia ou xantar a domicilio) a un prezo baixo polo que é un equipamento que complementa o servizo de axuda no fogar.

- A pesar de que en convocatorias do Plan Concertado solicitáronse subvencións para os servizos de podoloxía, fisioterapia e comida/lavandería a domicilio, o concello nunca recibiu ningún tipo de subvención tanto para a súa mellora como para o seu desenvolvemento.

Por todo o exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-- Sabe a Consellería de Política Social dos servizos que a miniresidencia de Boimorto está a dar á poboación do concello e limítrofes?

-- Sabe das dificultades financeiras debido á ausencia de axudas e ó seu tamaño?

-- Sabe da necesidade dunha ampliación para facela autosuficiente?

-- Ten previsto achegar algunha solución ou colaboración?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:12
Nº Rexistro: 5697
Data envio: 27/02/2017 11:12:46.121

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 11:11:02

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 11:11:08

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 11:11:12

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 11:11:17

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 11:11:19

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 11:11:23

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 29.03.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.2 5979(10/POC-001041)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o prazo previsto para a aplicación da suba anunciada na contía concedida para os acollementos de menores en familia extensa, as xestións levadas a cabo polo Goberno galego diante do Goberno central para suspender o seu desconto das pensións non contributivas e as previsións da Xunta de Galicia respecto do cambio do actual modelo de xestión dese tipo de acollementos, así como a súa información e valoración en relación coas dificultades económicas que están a padecer esas familias

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 5979
Data envio: 02/03/2017 17:15:49.759

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª.**

O principio que debe presidir a política de acollemento de menores é o interese supremo da persoa menor. É por iso que cómpre garantir a atención integral das necesidades físicas, afectivas e emocionais dos nenos e nenas no sistema de protección galego, para o cal hai que poñer á súa disposición todos os recursos que favorezan o seu desenvolvemento e autonomía. Isto significa garantir a alternativa de acollemento familiar con garantías e que, no caso de que haxa que optar por un acollemento residencial, que os centros teñan os recursos suficientes, tanto materiais como humanos.

As Leis Orgánicas 8/2015, do 22 de xullo, e a 26/2015, de 28 de xullo, de Protección á Infancia e á Adolescencia, que modifican á Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, dan prioridade, no sistema de protección á infancia, ás medidas estables fronte ás temporais, ás familiares fronte ás residenciais e ás consensuadas fronte ás impostas, na liña de garantir o dereito fundamental de todo menor a vivir en familia.

Entre as modalidades de acollemento familiar, considérase prioritario o acollemento do menor na propia familia extensa, sempre que sexa idónea, para evitar separalo do seu entorno social.

Tendo en conta o empeoramento da situación socioeconómica da poboación galega dende 2008, prodúcense, dunha parte, máis situacións de desamparo infantil por causas económicas, e, por outra banda, as familias acolledoras de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 5979
Data envio: 02/03/2017 17:15:49.759

menores tutelados pola Xunta teñen maiores dificultades para cubrir as necesidades materiais destes nenos e nenas, máxime cando a retribución no caso dos acollementos en familia extensa é a menor de todo o Estado (de 240 € no caso de acollementos de menores de 3 a 18 anos, sen subidas dende 2008 ata o recente anuncio a finais de 2016 dunha suba da contía), estando o 30% deste tipo de acollemento en Galicia sen apoio económico.

Ademais, non foi ata finais de 2016 cando se deixou de descontar da RISGA a contía por menor acollido/a nas familias extensas e, no caso de percibir Pensións Non Contributivas, séguese a descontar destas o importe por menor acollido/a.

Por outra parte, as familias acolledoras séntense desamparadas e desinformadas en canto ao seguimento psicosocial das e dos menores acollidos.

En atención ao referido, o Grupo Parlamentar de EN MAREA presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en Comisión:

- Cando se vai aplicar a suba da contía para os acollementos en familia extensa?

- Que xestións fixo a Xunta ante o Goberno de España para deixar de descontar das Pensións Non Contributivas a contía por menor acollido/a en familia extensa?

- Ten previsto a Xunta un cambio de modelo de xestión das acollidas en familia extensa a respecto do actual modelo, que recae en Aldeas Infantiles S.O.S.?

- Considera a Xunta suficiente e axeitado o seguimento psicolóxico dos e das menores acollidas en familias, extensa ou allea?

- Coñece a Xunta a existencia de situacións de carestía económica en familias con menores acollidas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2017 17:15
Nº Rexistro: 5979
Data envio: 02/03/2017 17:15:49.759

GRUPO PARLAMENTAR en marea

- Que valoración fai a Xunta do feito de que familias acolledoras de menores baixo a súa tutela non sexan quen de facer fronte ao gasto de tratamentos necesarios para estes e estas menores?

- Que porcentaxe de menores tutelados/as pola Xunta responde a problemas económicos das familias e cal foi a súa evolución dende 2008?

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 02/03/2017 17:15:12

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 29.03.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.3 6133(10/POC-001070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o mantemento dalgún contacto do Goberno galego co Goberno central para intentar desbloquear a paralización dos expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía tras o peche da entidade que os viña tramitando, se é o caso, o tipo de colaboración que van establecer para ese fin e a valoración da posibilidade de realizar os últimos trámites pola vía diplomática, así como a asunción pola Xunta de Galicia da xestión deses expedientes e das devolucións dos importes aboados

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:11
Nº Rexistro: 6133
Data envio: 06/03/2017 17:11:58.366

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, **Julio Torrado Quintela e Abel Losada Alvarez**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Os problemas económicos da ONG Addis Galicia, Entidade Colaboradora de Adopción Internacional (ECAI), acreditada polo Goberno galego, poñen o punto final ás adopcións en Etiopía e Burundi que levaban tramitando dende hai cinco anos case un centenar de familias españolas nesta entidade.

A Consellería de Política Social notificou recentemente ás familias adoptantes, o peche da ECAI explicando que Addis Galicia non pode cumprir co Plan de viabilidade económica presentado ante a Dirección Xeral, pero non aclara que pasará cos procesos de adopción que levan en marcha, en moitos casos, cinco anos. Tampouco os das familias que, ademais, xa teñen por exemplo asignado un neno en Etiopía, e pagan 215 euros ao mes ao orfanato para a súa manutención.

O anuncio do peche da entidade situada en Vigo prodúcese só unha semana despois de que a mesma consellería autorizase á ONG o cobro ás familias dunhas tarifas extraordinarias para continuar cos trámites de 6.700 euros aos adoptantes en Burundi e de 14.000 aos de Etiopía, a maiores dos 10.000 xa comprometidos na firma do contrato e abonados case na súa totalidade polas familias.

No caso de Burundi, onde esta ECAI era ata agora a única que xestionaba adopcións en España, o peche afecta a 30 familias con expedientes abertos. Dez son de Andalucía e nove de Galicia mentres que o resto corresponden a Madrid, Valencia, Castela e León, Asturias e Cantabria. A estes súmanse os 51 (49 galegos e dous asturianos) que estaban en marcha para adoptar en Etiopía.

A autoridade competente en materia de adopción internacional segundo a Lei 54/2007 e a Lei 26/2015 é o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:11
Nº Rexistro: 6133
Data envio: 06/03/2017 17:11:58.366

Igualdade, en cooperación coas comunidades nas que son residentes os adoptantes.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tralo peche da ECAI, púxose en contacto a Xunta de Galicia co Goberno de España para intentar desbloquear os expedientes de adopción de familias galegas en Burundi e Etiopía?
2. En caso afirmativo, que tivo de colaboración van establecer a Xunta de Galicia e o Goberno de España para tentar resolver a situación das familias galegas que están pendentes de adoptar en Etiopía e/ou Burundi?
3. Contempla o Goberno galego a posibilidade de tramitar os últimos pasos destes expedientes pola vía diplomática?
4. Ten previsto a Xunta de Galicia responsabilizarse dos expedientes de adopción así como das devolucións dos importes aboados polo solicitantes?
5. Tendo en conta que algúns dos trámites de adopción xa case están finalizados, recibiu o Goberno galego algunha comunicación ao respecto das autoridades de Etiopía ou Burundi nos derradeiros meses?

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Abel Losada Alvarez
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2017 17:00:07

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2017 17:00:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2017 17:11
Nº Rexistro: 6133
Data envio: 06/03/2017 17:11:58.366

Grupo Parlamentario

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2017 17:00:18

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 29.03.2017 Hora: 10:30
Orde do día

2.4 6718(10/POC-001168)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 6 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade e do Sergas respecto da introdución, na Plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios E-Saúde, dunha nova funcionalidade que lles permita ás persoas usuarias o acceso á información dos seus fillos e persoas ao seu cargo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6718
Data envio: 15/03/2017 18:32:36.628

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Miguel Tellado Filgueira e **Soraya Salorio Porral,** deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

O Servizo Galego de Saúde ven de poñer en marcha a plataforma dixital de personalización de servizos sanitarios *E-Saúde*, xestionada por este organismo autónomo e dirixida a pacientes e cidadáns, coa que se pretenden prover, de xeito ergonómico e accesible dende calquera dispositivo conectado a Internet, unha serie de servizos interactivos e contidos personalizados de saúde en función do perfil do usuario e o seu estilo de vida. Esta plataforma constitúe ademais un punto de encontro virtual entre a cidadanía, os profesionais e o Sistema Público de Saúde de Galicia, que proporciona a todos estes unha serie de ferramentas dixitais que axudan a xestionar a información en saúde dos usuarios e pacientes.

Cos principios de participación, implicación e autonomía, emerxe un novo paciente que demanda un enfoque diferente dos servizos que recibe do sistema sanitario público, que quere dispor de forma accesible de determinados servizos e contidos personalizados en función do seu perfil e necesidades.

Tanto asociacións de pacientes, como pais e nais, así como titores legais e coidadores de persoas maiores, demandan a necesidade de poder acceder a esta

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6718
Data envio: 15/03/2017 18:32:36.628

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

información médica e farmacéutica para os seus fillos, fillas ou persoa a cargo de seu coidado.

Por tal motivo, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Contemplan a Consellería de Sanidade e o Sergas introducir na Plataforma E-Saúde unha nova funcionalidade para poder acceder á información de fillos, fillas e persoas ao cargo?

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2017

Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/03/2017 18:27:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 15/03/2017 18:28:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 15/03/2017 18:28:21

Marta Rodriguez Arias na data 15/03/2017 18:28:28

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 15/03/2017 18:28:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 15/03/2017 18:28:48

María Soraya Salorio Porral na data 15/03/2017 18:28:56

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com